

UNHA INTERESANTE MEDALLA DO HOSPITAL DE LALÍN

César Gómez Buxán

A única pretensión das liñas que seguen é dar a coñecer unha interesante medalla, moi pouco coñecida, de comezos do pasado século XX. O motivo da súa creación nas terras de Ultramar semella obedecer a un obxectivo conmemorativo dos primeiros tempos ou da intención de fundar un hospital en Lalín por parte de varias asociacións de Hijos del Partido de Lalín (concretamente Bos Aires, Montevideo, Avellaneda e A Habana).

A peza é metálica, cun diámetro de 28 mm, e posiblemente de bronce. O borde é ondulado e, realizada na mesma peza, a argola para pendurar dun cordón ou cadea. Tanto o texto como as figuras están feitas en altorrelevo. O estado de conservación é case perfecto, con bo relevo e moi poucas marcas de ter sido empregada, constituíndo, con toda probabilidade, un elemento gardado na casa como lembranza do feito ó que alude.

Foi adquirida no ano 2010 polo autor nunha coñecida páxina de poxas, localizándose o vendedor da mesma na Arxentina.

Non vimos reproducida nin citada esta medala en ningunha publicación das que consultamos, polo que non puidemos atopar máis información que a se insire no reverso da propia peza. Aínda así consideramos de interese a súa divulgación e a posibilidade de ofrecer ós investigadores da época en xeral e do citado edificio en particular a súa imaxe para futuros traballos.

ANVERSO

A lenda *CHARITAS* e, ocupando o centro da medalla, efixie alegórica. Baixo a imaxe, cartela sen inscrición (quizais preparada para gravar nela).



Unha interesante medalla do hospitalillo de Lalín

REVERSO

Texto disposto en dous círculos concéntricos e una zona central. No medio a cruz-espada de Santiago.

*HIJOS DEL PARTIDO DE LALIN EN B. AIRES, AVELLANEDA,
MONTEVIDEO Y HABANA / FUNDADORES DEL HOSPITAL –
ASILO / Y CASA PARA / COLEGIO EN LALIN / PIEDRA FUNDAM.
/ 20 ENERO 1913*

